

BANDO INFORMATIVO PROGRAMA DE RESCATE DAS PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS.

Orde do 17 de novembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de rescate das persoas traballadoras autónomas afectadas pola crise da COVID-19 financiado con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020 e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (DOG nº 233 do 18 de novembro de 2020).

Dende o Concello de Viana do Bolo infórmase a veciñanza que até o **18 de decembro de 2020** está aberto o prazo de solicitude das axudas económicas ás persoas traballadoras autónomas para facer fronte á situación económica motivada pola pandemia da COVID-19. O prazo de execución do programa vai desde a data da súa publicación no Diario Oficial de Galicia ata o 31 de decembro de 2020.

Poderán ser **beneficiarias** das axudas reguladas nesta orde **tódalas persoas traballadoras autónomas de alta no RETA ou no réxime de traballadores do mar** como traballadores por conta propia, que **teñan o domicilio fiscal en Galicia** e que **teñan recoñecida o cesamento ordinario ou extraordinario de actividade** regulado no Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, de medidas sociais en defensa do emprego (BOE núm. 259, do 30 de setembro). Entenderase como **actividade especialmente paralizada**, en todo caso, o **lecer nocturno** (discotecas, pubs, cafés espectáculo, salas de festas, entre outros).

As **solicitudes** presentaranse obrigatoriamente por **medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible como anexo I na sede electrónica da Xunta de Galicia** (<https://sede.xunta.gal>). Deberá cubrir, necesariamente, **todos os campos do formulario establecidos como obrigatorios**.

Máis información e acceso á Orde reguladora das axudas na páxina web do Concello www.vianadobolo.gal.

O que se fai público para xeral coñecemento, en Viana do Bolo, a 23 de novembro de 2020.

O Alcalde. Abelardo Carballo Alonso.
Asinado dixitalmente á marxe.

Concello de Viana do Bolo

Rúa Constitución, 14, Viana do Bolo. 32550 (Ourense). Tfno. 988340120. Fax:

